

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños), presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A DEFENSA DO REPARTO POSTAL NAS ÁREAS RURAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA

O servizo postal en Galicia ten un interese público primordial, como unha peza básica para o desenvolvemento económico e tamén para a vertebración e a cohesión social.

Esa carácter de servizo público primordial fai que o conxunto da poboación, independentemente do lugar en que viva, debe ter garantido o acceso a unhas comunicacións postais asequibles, baixo o principio de igualdade de trato establecido pola normativa vixente.

Calquera proposta de modificación do sistema público postal debe ter moi presente o carácter universal na prestación deste servizo e a súa accesibilidade en condicións de equilibrio e igualdade no conxunto do territorio.

Esta circunstancia debe ser especialmente considerada en territorios como Galicia, unha comunidade cunha forte compoñente rural, onde máis de un terzo da súa poboación (preto do 35%) vive en municipios rurais, cunha poboación dispersa en 30.000 entidades de poboación, cunha media de 100 núcleos por concello, que representa o 88% do territorio galego e aproximadamente o 50% do territorio español.

Na procura de evitar que calquera modificación dos servizos postais poida deixar aos núcleos rurais de Galicia, e en particular da provincia da Coruña, nunha situación de desigualdade e de discriminación negativa con respecto a outros lugares do noso país, creando así un grave prexuízo a un medio rural que se ve afectado xa pola súa dispersión, despoboación e envellecemento, a Deputación da Coruña acorda:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a manter a prestación dun servizo postal de calidade en todos os concellos da provincia da Coruña e a garantir o reparto na periodicidade establecida na normativa legal vixente.
- 2.- Así mesmo, demandar a dotación de recursos humanos suficientes para asegurar que este servizo de calidade se estenda a todos os concellos da provincia.
- 3.- Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galicia, presidente do Goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Parlamento galego.